COMUNICADO CONXUNTO
DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS DO ENSINO CONCERTADO DE GALICIA



ÉXITO ROTUNDO DA XORNADA DE FOLGA:
MÁIS DE 3.000 PERSOAS NAS RÚAS E UN SEGUIMENTO DO 60 %

As organizacións sindicais **FSIE, UGT, CCOO Ensino, USO, SNEP e CIG** valoramos moi positivamente **a xornada de folga** celebrada hoxe no ensino concertado de Galicia, cun **seguimento do 60 % e máis de 3.000 persoas mobilizadas** nas rúas de Vigo e A Coruña.

Un éxito que evidencia **o compromiso e a unidade** das traballadoras e traballadores do sector, que hoxe volveron demostrar que non están dispostos a aceptar máis desprezos. Todo isto, malia a desfachatez duns servizos mínimos impostos pola Consellería de Educación, que unha vez máis parece empeñada en facer o ridículo en lugar de escoitar e atender as demandas do persoal.

As mobilizacións de hoxe deixaron tamén unha mensaxe clara e contundente: **clamor pola dimisión do conselleiro de Educación,** Román Rodríguez, pola súa inoperancia, polo ninguneo constante ás traballadoras e traballadores, pola nefasta xestión deste conflito e polo bloqueo sistemático da negociación colectiva. O sector non merece unha Consellería que dea as costas a quen sostén cada día o ensino concertado galego.

Queremos trasladar o noso **agradecemento** a toda a comunidade educativa: profesionais, alumnado e familias que participaron masivamente nesta xornada e fixeron posible este éxito colectivo.

Pero esta loita continúa. O vindeiro **26 de novembro** volveremos mobilizarnos con **caravanas de coches** reivindicativas **en seis cidades galegas: Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense, Ferrol e A Coruña.**

E se a Xunta de Galicia, gobernada polo PP, continúa ninguneando as lexítimas e xustas reivindicacións do persoal e bloqueando a negociación colectiva, o **15 de decembro volveremos á folga.**

A responsabilidade de evitar que o conflito vaia a máis está nas mans da Xunta. Nós temos claro o noso camiño: non imos parar ata conseguir unhas condicións laborais dignas e unha negociación colectiva real.

A LOITA CONTINÚA. NON IMOS PARAR!

FSIE Galicia · UGT Servizos Públicos Ensino · CCOO ensino · USO Galicia Federación de Ensinanza · SNEP Sindicato Nacional de Ensino Privado de Galicia · CIG Ensino


REIVINDICACIÓNS LEXÍTIMAS
SOLUCIÓNS URXENTES PARA O
PERSOAL DO ENSINO CONCERTADO
UGT
CCOO ensino
USO
SNEP
FSIE
www.ugt.es


FSIE
CCOO
UNIÓN


IVINDICACIÓNS LEXÍTIMAS
UCIÓNS URXENTES PARA O
OAL DO ENSINO CONCERTADO
UGT
CCOO ensino
USO
SNEP
FSIE